

DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: REPERTORIO ORQUESTRAL

INTRODUCCIÓN

A asignatura de Repertorio Orquestral ven descrita no Decreto 183/ 2001, do 19 de xullo (DOG do 13 de agosto de 2001) da seguinte maneira:

“Estudio do repertorio orquestral básico do instrumento principal e da súa familia cando se trate de instrumentos de vento–madeira ou vento-metal, referido tanto a solos como a pasaxes de tutti dos que a dificultade ou especiais características aconsellen a súa inclusión na programación da ensinanza”.

Seguindo as instrucións propostas nese mesmo decreto a asignatura terá unha duración de catro cursos con tres créditos anuais.

O traballo en orquestra é unha saída profesional normalmente moi valorada e idealizada polos alumnos, resulta entón importante desde un primeiro momento axudarlles a valorala enorme especialización que teñen que acadar, incluíndo a diferenciación entre os diferentes postos da planilla orquestral (solista, asistente, segundo, tutti, etc.). Intentaremos acadar un acercamento real, para iso realizaremos audicións públicas en diferentes formatos e no terceiro e cuarto curso abordarémoslos solos máis representativos do clarinete baixo ou do clarinete en Mi b (requinto). Traballaremos sobre un listado de solos, pasaxes, obras, habituais para acceder ó mundo profesional tanto en España como noutros países europeos.

Os obxectivos, contidos , criterios de avaliación e os recursos serán comúns ós catro cursos, facendo a excepción do que se refire á especialización cos outros instrumentos da familia que non se aplicará ata o terceiro e cuarto curso.

OBXECTIVOS

- Interpretar pasaxes orquestrais de clarinete solo e tutti das obras máis representativas do repertorio orquestral sinfónico, instrumental e operístico, dentro do nivel técnico e interpretativo de cada curso.
- Ter coñecemento das características históricas, formais e estilísticas de cada obra para melloralas interpretación.
- Domina-lo proceso completo da respiración abdómino-diafragmática de maneira que posibilite unha correcta calidade do son en tódolos rexistros, unha maior capacidade pulmonar e un maior dominio da tensión do aire.
- Demostra-la sensibilidade auditiva necesaria para poder corrixi-la **afinación** do propio instrumento.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: REPERTORIO ORQUESTRAL

- Domina-los recursos técnicos propios do instrumento, tales como emisión, columna de aire, flexibilidade, articulación, timbre e dinámicas.
- Desenrolar unha maior estabilidade **rítmica** no alumno.
- Coñece-las características principais dos diferentes tipos de orquestras: sinfónica, ópera,..., así como as planillas e a figura do **director**.
- Demostra-la capacidade para utiliza-lo clarinete como instrumento transpositor: La, Sib, Do, Re,...
- Conseguir unha posición corporal cómoda e estable co instrumento no escenario, sempre coidando as formas, antes e despois da interpretación.
- Interpretar obras do repertorio orquestral cos diferentes instrumentos da familia do clarinete: **clarinete Mib** e **clarinete baixo**. (unicamente en 3º e 4º curso)
- Realizar catro audicións con carácter público, reproducindo características propias do ámbito profesional: lectura a primeira vista, interpretación con ou sen coñece-la identidade do intérprete, repetición de solos con diferentes velocidades, seguindo as instrucións dictadas no apartado de Audicións Públicas.

CONTIDOS

- Introducción histórica, estética e formal das obras a traballar no repertorio.
- Interpretación de solos de clarinete ou tutti en tódolos ámbitos orquestrais: instrumental, sinfonías, óperas, ballet, teatro,...
- Audicións públicas das obras propostas para o curso.
- Traballo dos aspectos técnicos tales como: respiración, columna de aire, emisión, son, flexibilidade, articulación, timbre, afinación e dinámicas.
- Traballo das diferentes figuracións e unidades rítmicas dentro do repertorio e control do pulso rítmico na interpretación.
- Coñecemento das diferentes posibilidades interpretativas, dentro de cada estilo, dos solos de repertorio orquestral: carácter, timbre, fraseo,...
- Práctica do transporte a outras tonalidades: La, Sib, Do, Re,... así como de cambios de instrumento dentro dunha mesma obra.

DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: REPERTORIO ORQUESTRAL

- Interpretación do repertorio orquestral con diferentes instrumentos da familia do clarinete: **clarinete Mib** e **clarinete baixo**. (unicamente en 3º e 4º curso)
- Audición pública do repertorio reproducindo as características propias dunhas probas de admisión para orquestra profesional.
- Lectura a primeira vista.

CRITERIOS DE EVALUACIÓN

Demostra-la sensibilidade auditiva e os recursos técnicos necesarios para dominar tódolos aspectos relacionados coa interpretación: forma, linguaxe, textura, agónica, dinámica, calidade do son, respiración, articulación, proxección, timbres, axustándose en todo momento ás necesidades estilísticas das obras propostas.

Interpretar pasaxes de solo e tutti, fragmentos, obras representativas do repertorio sinfónico e operístico de acordo co nivel técnico instrumental e coa súa demanda profesional.

Realiza-la interpretación pública en catro audicións das obras do repertorio orquestral correspondente a cada curso, demostrando un dominio e rigor técnicos, e unha boa calidade interpretativa.

Demostrar unha correcta posta en escea no desenvolvemento das audicións públicas.

Domina-los diferentes instrumentos dentro da familia dos clarinetes, unicamente en 3º e 4º curso.

Demostrar estabilidade rítmica durante as audicións.

RECURSOS

Orchestral Excerpts (VOL. I a VIII)
Orchestral Studies for the Eb Clarinet
Symphonic Repertoire for the Bass Clarinet Volumen 1
Symphonic Repertoire for the Bass Clarinet Volumen 2
The Working Clarinetist (Master Classes with ...)
The Daniel Bonade Workbook
Lector de CD e DVD.
Uso do Minidisc como ferramenta de traballo na clase.
Diferentes versións gravadas nos formatos CD ou DVD.
Partituras orquestrais completas das propostas musicais.

S. Drucker/McGinnis
P. Hadcock
M. Drapkin
M. Drapkin
P. Hadcock
D. Bonade

DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: REPERTORIO ORQUESTRAL

NORMAS PARA A REALIZACIÓN DAS AUDICIÓNS PÚBLICAS

As datas e lugar das audicións serán comunicadas ós alumnos coa suficiente antelación.

Os alumnos que teñan sen superar tan só unha audición poderán realizar un exame de recuperación no mes de xuño. Os alumnos que non teñan superado dúas ou máis audicións deben recupera-las directamente na convocatoria de setembro.

Os alumnos perderán o dereito á avaliación continua si as faltas de asistencia inxustificadas superan o 20 % do total das clases de cada cuatrimestre.

Realizaranse catro audicións durante o curso académico distribuídas da coa seguinte temporalización:

**1º CURSO
1º CUADRIMESTRE**

1ª Audición:

“Tosca” (acto III)	G. Puccini
“Der Freischutz	C.M. Weber
“La Forza del Destino”(acto III)	G. Verdi

2ª Audición:

Sinfonía nº 3 en La m op. 56 “Escocesa”	F. Mendelssohn
Sinfonía nº 8 en Si m “Incompleta”	F. Schubert
Sinfonía nº 1 en Do M op. 68	J. Brahms

2º CUADRIMESTRE

3ª Audición:

Obertura “Las Hébridias” Op. 26(1º y 2º clar.)	F. Mendelssohn
Sinfonía nº 5	S. Prokofiev
“Petrouchka”	I. Stravinsky

4ª Audición:

Piano concerto nº 2 (adagio sostenuto)	S. Rachmaninoff
Sinfonía nº 1 op. 39	J. Sibelius
“Pedro y el Lobo”	S. Prokofiev



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: REPERTORIO ORQUESTRAL

2º CURSO

1º CUADRIMESTRE

1ª Audición:

Sinfonía nº 4 op. 60

Sinfonía nº 9 en Do M “Grande”

Sinfonía nº 3 op. 90

L. Beethoven

F. Schubert

J. Brahms

2ª Audición:

Polovetsian Dances (Príncipe Igor)

Obertura “Semiramis”

“Capricho español” op. 34

A. Borodin

G. Rossini

N. Rimsky –Korsakov

2º CUADRIMESTRE

3ª Audición:

Sinfonía nº 8 en Fa M op. 93

“Sueño de una noche de verano”

“Bolero”

L. v. Beethoven

F. Mendelssohn

M. Ravel

4ª Audición:

Sinfonía nº 5 en Mi m op. 64

“Preludio a la siesta de un fauno”

“El barbero de Sevilla”

P. Tchaikovsky

C. Debussy

G. Rossini

3º CURSO

1º CUADRIMESTRE

1ª Audición:

Sinfonía nº 6 “Pastoral”

“La novia vendida”

“Bolero” (**clarinete Mib**)

“La Walkyria” Acto II. Escena 2. (**clarinete bajo**)

L. v. Beethoven

B. Smetana

M. Ravel

R. Wagner

2ª Audición:

“Scherezade”

“El Pájaro de fuego”

N. Rimsky-Korsakoff

I. Stravinsky



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: REPERTORIO ORQUESTRAL

Sinfonía nº 5 (clarinete Mib)	D. Shostakovitch
“Tristán e Isolda” (clarinete bajo)	R. Wagner

2º CUADRIMESTRE

3ª Audición:

Sinfonía nº 6 en Si m	P. Tchaikovsky
Sinfonía nº 1 “Clásica”	S. Prokofiev
“Sinfonía Fantástica” (clarinete Mib)	H. Berlioz
“Rapsody in Blue” (clarinete bajo)	G. Gershwin.

4ª Audición:

“Sinfonía Fantástica”	H. Berlioz
“Danzas de Galanta”	Z. Kodaly
“La Consagración de la Primavera” (clarinete Mib)	I. Stravinsky
Sinfonía nº 4 (clarinete bajo)	G. Malher

4º CURSO

1º CUADRIMESTRE

1ª Audición:

“El Mandarín maravilloso” (Clarinete I y II)	B. Bartok
“Daphnis et Chloe (2ª suite) (clarinete Mib)	I. Stravinsky
“Daphnis et Chloe (2ª suite) (clarinete bajo)	M. Ravel

2ª Audición:

Daphnis et Chloe (2ª suite)	M. Ravel
“Till Eulenspiegels” Op. 28 (clarinete Mib)	R. Strauss
“Don Quixote” op. 35 (clarinete bajo)	R. Strauss

2º CUADRIMESTRE

3ª Audición (final de curso):

Sinfonía nº 6 “Pastoral”	L.W. Beethoven
“Sueño de una noche de verano”	F. Mendelssohn
Sinfonía nº 3 op. 90	J. Brahms
Sinfonía nº 5 en Mi m op. 64	P. Tchaikovsky
“Tosca” (Acto III)	G. Puccini



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivié, 23 36203 VIGO – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: REPERTORIO ORQUESTRAL

“Capricho español” op. 34

“Preludio a la siesta de un fauno”

Sinfonía nº 9

“Pájaro de Fuego”

“Sinfonía Fantástica” (**clarinete Mib**)

Sinfonía nº 5 (**clarinete Mib**)

“La Walkyria” Acto II. Escena 2 (**clarinete bajo**)

Sinfonía nº 4 (**clarinete bajo**)

N. Rimsky –Korsakov

C. Debussy

D. Shostakovitch

I. Stravinsky

H. Berlioz

D. Shostakovitch

R. Wagner

G. Malher